



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DO 23º SALÓN DE ALIMENTACIÓN DO ATLÁNTICO – SALIMAT 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE),
DECLARA:

Que este ente ten previsto formalizar con a Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Potenciar ao sector de alimentación a través da súa participación no 23º Salón de Alimentación do Atlántico - SALIMAT, no que vaise a desenvolver o Programa de Compradores Convidados. Trátase dun encontro sectorial de carácter profesional destinado a poñer en contacto ós produtores galegos presentes no salón con maioristas, distribuidores e importadores nacionais e internacionais, de tal xeito que se promociona a calidade dos produtos agroalimentarios galegos, ó mesmo tempo que se lles ofrece ás empresas do país unha oportunidade única de internacionalización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito a Consellería de Economía, Emprego e Industria e configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan a creación de emprego baseado nun



tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo. Entre as súas funcións está a de proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras. O Igape, consecuente cos seus obxectivos e fins, entende que a internacionalización achega ás empresas galegas, e ao tecido produtivo en xeral, a posibilidade de acadar maiores economías de escala, de mellorar a calidade, comercialización e diferenciación dos seus produtos e servizos, de entrar en contacto con outro tipo de mercados, consumidores e competidores, de mellorar o know-how dos traballadores e directivos, o que estimula e incrementa a súa produtividade, eficiencia, desenvolvemento tecnolóxico e capacidade competitiva.

A internacionalización do tecido empresarial galego é un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto das exportacións da empresa galega en 2020, diversificando mercados e zonas xeográficas, mellorando o coñecemento e posicionamento de Galicia nos mercados internacionais, consolidando a percepción dos produtos e servizos galegos por calidade, prestixio, etc., favorecendo a colaboración de empresas, axentes e institucións que fomenten a participación e o acceso das empresas galegas en eventos internacionais.

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.



En consonancia con estes obxectivos institucionais, dita Fundación é impulsora da organización e celebración da feira profesional relativa ao fomento do sector alimentario galego denominada Salimat. Esta feira ten por obxectivo poñer en contacto a oferta alimentaria galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial.

Nesta edición do Salón de Alimentación do Atlántico, SALIMAT 2019, proxéctase seguindo a súa formulación inicial como unha ferramenta de promoción da industria alimentaria da comunidade autónoma galega e como unha plataforma de comercialización internacional da súa oferta. Ademais nesta convocatoria búscase a súa potenciación como espazo de converxencia do sector.

A Semana Verde de Galicia é desde hai máis de 40 anos a feira de referencia de Galicia. Na súa orixe, catro foron os sectores sobre os que asentou o certame (maquinaria agrícola, gandería, equipamento forestal e alimentación). Algúns deles, co paso dos anos, alcanzaron un importante crecemento, e hoxe en día, aínda que seguen estando presentes na Semana Verde, tamén gozan da posibilidade de dispoñer dunha feira sectorial propia que, nalgúns casos, como no sector forestal, converteuse nunha cita referente a nivel nacional.

No marco da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, e máis concretamente no sector de alimentación, terá lugar o 23º SALIMAT - Salón de Alimentación do Atlántico, e vaise a desenvolver o Programa de Compradores Convidados. Trátase dun encontro sectorial de carácter profesional destinado a poñer en contacto ós produtores galegos presentes no salón con maioristas, distribuidores e importadores nacionais e internacionais, de tal xeito que se promociona a calidade dos produtos agroalimentarios galegos, ó mesmo tempo que se lles ofrece ás empresas do país unha oportunidade única de internacionalización.

A feira Salimat 2019 concede un especial protagonismo aos Encontros Internacionais de Compradores, os que conformarán unha eficaz plataforma de negocio que permitirá, especialmente á mediana e pequena empresa, abrir novos mercados internacionais.

Na última edición, do 2018, Salimat contou con 220 expositores, un 25% máis que na anterior edición. Propiciou máis de 1.400 reunións de negocio nos seus Encontros Internacionais de Compradores (un 31% máis), con 25 importadores e distribuidores de 14 países. Celebrou máis de 50 actividades distintas no seu programa. Ademais de todas aquelas organizadas polas



distintas empresas expositoras, organizáronse showcookings co Grupo Nove e outros chefs de recoñecido prestixio, encontros coa distribución galega, tendas gourmet e bloggers gastronómicos... Mostrou preto de 90 innovacións alimentarias na súa área de produtos Alinova, un 50% máis. O público superou moi amplamente os 100.000 visitantes.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, é claro que promover a participación das empresas do sector alimentario galego na feira, así como atraer a ela a posibles clientes estratéxicos do exterior é de extraordinario interese para a comunidade autónoma, tendo en conta a proxección internacional de Salimat e a súa capacidade de xerar negocio, en particular para o sector alimentario, pero tamén para outros sectores relacionados que son igualmente relevantes na economía galega, como poden ser o vinícola ou de produción de produtos ecolóxicos entre outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela